

XERVASIO PAZ LESTÓN (1898-1977), UN POETA GALEGO NA EMIGRACIÓN ARXENTINA

Miro Villar

Afondar no coñecemento da biografía e da produción literaria dos nosos escritores do exilio e da emigración, así como unha edición rigorosa da súa obra, é aínda hoxe unha tarefa necesaria para ensanchámo-lo campo dos estudos sobre a nosa literatura. Esta necesidade faise máis evidente e apremiante se, como neste caso, falamos

de escritores que non ocuparon a primeira liña, polo que adoitan ser practicamente descoñecidos, carecen de estudos biobibliográficos e teñen a súa obra dispersa e non recompilada, malia posuír unha importante cantidade de textos.

Con estes obxectivos realizámo-la memoria de licenciatura *A poesía galega de Xervasio Paz Lestón. Edición e Estudio*¹, dirixida polo doutor Xesús Alonso Montero e lida en xullo de 1997, na que compilamos os seus poemas, espallados entre diferentes publicacións da emigración, coa intención de establecemos un corpus literario case definitivo da súa obra, ofrecendo tódolos textos conservados dos que posuímos noticia e completando a achega cun amplo estudio biobibliográfico, lingüístico e literario.

Ata hoxe foron moi poucos os estudiosos que se ocuparon da poesía de Xervasio Paz Lestón², sempre con moita brevidade e con algunhas imprecisións biográficas. Por esta razón presentamos un resumo do noso traballo, para contribuírmos a un maior coñecemento e difusión do poeta, que axude a acrecenta-la valoración que adoito nos merecen os escritores que desenvolveron a súa obra lonxe da terra, coa dificultade engadida que iso comporta,

1. VILLAR GONZÁLEZ, Arximiro: *A poesía galega de Xervasio Paz Lestón. Edición e Estudio*. Memoria de licenciatura (inédita). Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela, 1997.

2. ALONSO MONTERO, Xesús: "Paz Lestón, Gervasio". En AA.VV.: *GEG*, Apéndice, vol. 32. _____: "Xervasio Paz Lestón", *La Voz de Galicia*, 13-XI-1994. (Reproducido en ALONSO MONTERO, Xesús: *Ensaos breves de literatura e política*. Vigo, Editorial Nigra, 1996.

BAÑO, Manuel Antonio: "Gervasio Paz Lestón". *Alborada*, n.º 181, ano LIV, abril de 1979.

LIÑARES GIRAUT, Xosé Amancio: "Letras da Diáspora. Xervasio Paz Lestón". *Galicia en el Mundo*, n.º 108, do 25 de abril ó 1 de maio de 1995.

VILAR ÁLVAREZ, Manuel: "Xervasio Lestón, O Xalleiro". En *La Voz de Galicia*, ed. Bergantiños, 26/IX/94.

VILAVEDRA FERNÁNDEZ, Dolores (coord.): "Paz Lestón, Xervasio". En *Diccionario da Literatura Galega*. Vigo, Galaxia, 1995, vol. I, Autores.

VILLAR GONZÁLEZ, Rafael: "Novas de América: a poesía de Paz Lestón". *Revista das Letras de O Correo Galego*, 2/III/95.

dunha banda por estaren afastados do discurso literario que se producía en Galicia e doutra por contribuíren coa súa obra a que a sublevación de 1936 non coutase de maneira definitiva a nosa literatura e a nosa lingua.

1. APUNTAMENTOS PARA UNHA BIO- GRAFÍA DO ESCRI- TOR EN TERRAS ARXENTINAS

Xervasio Paz Lestón naceu en Serantes, aldea da parroquia de San Xián de Moraime no concello de Muxía (A Coruña), o 23 de outubro de 1898, segundo a acta de nacemento que figura no Rexistro Civil do Xulgado de Paz. Unha alusión a esta data tamén aparece no poema inédito “Pequena Historia”, xunto a outros datos autobiográficos como o modesto status social e económico da súa familia. Os seus pais, Benito Paz Pérez e Rosa Lestón Quintáns, tiveron nove fillos, dos que tres morren ó pouco de naceren. Dos seis que foron rexistrados e bautizados cos nomes de Manuel, Hermenegildo, Gervasio, David, María e Manuela, tres falecerán sen chegaren a vellos, como ben lembra o propio poeta no texto “Somente Quedan Tres Ponlas...”, escrito en 1946, canda a morte do seu irmán David. Todos eles formaban unha familia labrega que debía ser, para o canon da época, relativamente próspera, xa que naqueles anos posuían un casal de pedra, que estaba rodeado de tres cabaceiras e bastante terra de labor.

A presión tributaria foral era aínda daquela a causa principal pola que emigraban os labregos da comarca, mesmo cando se trataba de familias en certa maneira podentes. De feito, sabemos que seu pai viaxara á Arxentina antes da fin do século e tal vez en máis dunha ocasión. O fillo do poeta e neto de don Benito asegura que alí traballou na construción dos xardíns dun palacio e coñeceu as *tolduras*³ dos indios, que daquela debían estar próximos a Bos Aires. De volta a Galicia, don Benito adoitaba tomar mate e recitaba de memoria os versos do Martín Fierro. O feito, que puidera ser anecdótico, influíu na formación poética de Paz Lestón, como sinala no poema “Profundando”.

Pouco sabemos da infancia do poeta que non sexa o que se deduce da lectura dos seus propios textos. Asistiu á escola de primaria que tiña Martín Liñeiro no lugar muxián de Casas Novas. Liñeiro, que estivera emigrado, tiña na súa casa unha boa biblioteca da que hoxe só se conserva unha edición íntegra de *Aires da miña terra* de Curros Enríquez (outro feito a considerar na súa formación poética) e un exemplar da revista *Galicia Humorística*. No poema “Escola das Casas Novas” descríbese como unha escola rural, inusualmente concorrida, xa que se facemos caso do autor tiña un cento de

3. Español da Arxentina, no Diccionario da RAE defínese: “tienda de indios hecha de ramas y piedras”.



Xervasio Paz Lestón

alumnos. Xervasio foi un rapaz aplicado e que acudía de boa gana ó maxisterio de Liñeiro, a quen está dedicada a composición. Tamén o poema autobiográfico “Pequena Historia”, xa nomeado, fala do interese que tiña o poeta polos estudos e do aproveitamento que tirou deles. Na época aínda era habitual para a maioría dos fillos de labregos que se pensase na posibilidade de estudar no Seminario, case como a única saída para logra-lo ascenso social. O texto relata como Xervasio foi enviado a axuda-los seus tíos na sancristía de Xurarantes e serve para coñecérmo-la súa pouca dispoñibilidade para semellante tarefa.

Por todo iso, non é casual que, cando o poeta chega a ter unha situación estable na Arxentina, axiña se integre nunha sociedade que tiña entre as súas prioridades construír escolas nas diferentes parroquias do concello de Muxía. Nesa altura escribirá un artigo, co epígrafe “Ventajas de la instrucción”⁴, no que defende escolariza-los fillos dos labregos como un investimento de futuro, mesmo recoñecendo as dificultades:

Soy hijo de labradores y sé que la labor campesina tiene exigencias tiránicas. Hay momentos en que todos los brazos son necesarios para llevar adelante las faenas que exige la tierra antes de entregarnos el pan de cada día.

Xervasio Paz Lestón desembarca en Bos Aires con tan só 12 anos, pois alí chegou o primeiro de xaneiro de 1911. De inmediato foi vivir e traballar nun

4. *Boletín de la Sociedad Cultural y Agraria del Distrito de Mugía*, n.º 9, 28 de febreiro de 1930. Sobre este mesmo tema publicará o artigo “La Plaga del Analfabetismo” que asina co pseudónimo *Pau de Ferro* no n.º 17 do *Boletín*, de setembro de 1933.

almacén e despacho de bebidas que rexentaban seu pai, don Benito, e algúns dos seus irmáns. O local levaba o nome de “Almacenes Sarmiento, de Paz Hermanos”⁵, tiña unha sección de comestibles e outra de bar e estaba situado nun barrio do sur da capital bonaerense.⁶ Sen embargo, chegando a Bos Aires, amosou un enorme interese polo estudio, en particular por querer ser médico. Para a súa desgracia, un irmán que se comprometera a pagarlle os estudos morreu de maneira inesperada. Sen outro apoio familiar, non tivo máis remedio que traballar no almacén, cos outros irmáns. O seu fillo, Juan Gervasio Paz Narbaiz, cre que debeu cursar dous ou tres anos do ensino secundario e que a frustración dos estudos tivo moita influencia na súa vida futura. Desde aquela foi autodidacta e, aproveitando que cerca do vello almacén existía un dos locais do Partido Socialista, cunha biblioteca ben provista, leu con voracidade tódolos libros de historia, ciencias e literatura que puido conseguir. Deste afán por compaxina-las tarefas propias do almacén cos estudos e coa literatura tamén nos fala no poema “Pequena Historia”.

Na década de 1920 a 1930 o negocio do almacén prosperou e Paz Lestón participa activamente no investimento económico familiar. Neses anos compraron algunhas propiedades e outros almacéns, ademais de adquiriren un cinema. A bonanza económica permitiulle regresar a Galicia entre xullo de 1925 e marzo de 1926, segundo testemuña un caderno de viaxes que conserva o seu fillo, Juan Gervasio Paz Narbaiz. Esta estadía de oito meses, que sempre lle recriminou a súa prometida e posterior esposa, tiña como primeiro obxectivo visita-los pais, que aínda vivían na casa familiar de Serantes. De regreso na Arxentina, non tardou moito tempo en contraer matrimonio coa muller coa que mantiña un longo noivado desde a adolescencia, como testemuña unha serie de poemas manuscritos en castelán. Casou con María Sara Narbaiz o día 23 de xuño de 1928, nunha cerimonia relixiosa celebrada na residencia familiar da noiva e na que actuou de padriño o pai dela, Juan Narbaiz, un arxentino de orixe vascofrancesa, e de madriña a irmá do poeta, María Paz Lestón, representando á nai. Da unión naceu o 23 de marzo de 1929 o seu único fillo Juan Gervasio Paz Narbaiz.

5. Os almacéns anúncianse en varios números do *Boletín de la Sociedad Cultural y Agraria del Distrito de Mugá*. No pé do mesmo engadíase “Licores y vinos finos. Frutas y conservas”. Ademais, o poeta usou papel timbrado do negocio para escribir algún dos poemas manuscritos que coñecemos.

6. “Almaceneros fueron la gran mayoría de los inmigrantes gallegos. (...) Por almacén se entendió siempre, en Buenos Aires, el negocio de venta de comestibles más o menos secos; es decir, que no fueran carnes, verduras o frutas frescas. Al evocarlo se lo sitúa, preferentemente, en la esquina y con un flanco por el que se despachan bebidas, al estafío o sobre las mesas que nunca preguntan. (...) Almacén, almacén-bar, despensa a secas; al dueño, al gallego, se lo llamaba siempre *almacenero*”. Cfr. PÉREZ-PRADO, Antonio. *Los gallegos y Buenos Aires*. Bos Aires, Ediciones La Bastilla, 1973.

No entanto, a empresa *Sarmiento* de Paz Hermanos foi literalmente varrida polas repercusións da crise económica mundial na economía arxentina durante o ano 1930. Perderon todo o patrimonio e tiveron que comezar de novo. Nesa época a familia na Arxentina quedara reducida a tres irmáns, ademais do poeta: Hermenegildo, que era maior ca Xervasio, David⁷, que era menor, e María, que estaba solteira e traballaba como criada ou ama de chaves, en casas de familias podentes. Os tres puxeron cadanseu modesto almacén e así puideron sobrevivir nos duros anos posteriores á crise. De feito, Xervasio adoitaba falar dos “tres mosqueteros” e bautizou o seu almacén como “El ave Fénix” porque, coma o animal mitolóxico, rexurdía das súas cinzas. Cambiou varias veces de local, sempre de aluguer, ata chegar ó último no que botou quince anos.

Pouco a pouco, tamén a familia na Terra vai mingando e deixando tras de si moito sufrimento para o poeta. A nai, Rosa Lestón Quintáns, morre o 31 de xullo de 1936, con 68 anos, e o pai, Benito Paz Pérez, falece o 12 de xullo de 1941, á idade de 84 anos⁸. Finalmente, sendo médicos o seu fillo Juan Gervasio Paz Narbaiz e súa nora Lea, mercaron o establecemento comercial e, nesa altura, Xervasio Paz Lestón pasou a ser un retirado, cando tiña arredor de 65 anos. Co seu pequeno ingreso e coa axuda do fillo e da nora viviu nun modesto apartamento ata a súa morte⁹. Tivo problemas cardiovasculares durante tempo e o día que facía 79 anos, o 23 de outubro de 1977, a súa muller, cando acode a espertalo, descobre que morrera durante o sono. María Sara, a compañeira de toda a vida, aínda o sobreviviu moitos anos, pois faleceu en 1993.

2. ACTIVIDADE SOCIAL E CULTURAL

O fracaso empresarial derivado da crise económica mundial influíu decisivamente no futuro persoal de Xervasio Paz Lestón e tamén na súa actividade social e cultural. Volveuse un home en certa medida pasivo e limitado nas súas aspiracións, optando de maneira

7. David e María adoitaban aparecer entre os integrantes das Comisións de Festas que anualmente organizaba a “Sociedad Cultural y Agraria del Distrito de Mugía” no final da década dos vinte e principios dos trinta.

8. Sen embargo, hai unha evidente contradicción entre a idade que figura no certificado de defunción e a que aparece en 1898, ó nacer Xervasio. Se daquela tiña 35, en 1941 debía andar polos 78 anos. É posible que a idade fose un dato falso transmitido polo veciño que dá conta da súa morte.

9. “En la pag. 182 del Tomo 129 del registro Civil del Consulado de España en Buenos Aires, consta inscrita la defunción de Gervasio Paz Lestón, que tuvo lugar el 23 de octubre de 1977”, sinala unha anotación na marxe da acta de nacemento, segundo a Certificación literal que inclúe a reprodución íntegra da anotación correspondente que figura no Tomo 25, páxina 73, da Sección 1ª do Rexistro Civil de Muxía.

voluntaria por reduci-lo seu activismo ás sociedades de emigrantes que formaban os seus paisanos e eludindo calquera outro tipo de responsabilidades que o seu talento e a súa cultura lle proporcionarían, tanto para ser un sobranceiro dirixente como un coñecido home de letras no ámbito da colectividade galega de Bos Aires. De feito, a súa actividade reduciuse case exclusivamente á súa colaboración en dúas institucións, a “Sociedad Cultural y Agraria del Distrito de Mugía” e a “Asociación Benéfico Cultural del Partido Judicial de Corcubión”, máis coñecida como a ABC de Corcubión, e, sobre todo, nas revistas que editaban.

É significativo sinalar que a penas entrase a formar parte doutras entidades máis importantes, a pesar de que mantiña moi boas relacións con persoas da Irmandade Galega e da Federación de Sociedades Galegas. Con todo, coa Irmandade tivo un certo compromiso. Concretamente, formou parte do seu “Consello Ourentador” nos anos 1954 e 1963. Ademais, Bieito Cupeiro recolle, no seu libro *A Galiza de alén mar* [1989], como homenaxe e recoñecemento, case douscentos nomes dos “irmáns” que participaron no proceso do espertar patriótico, entre os que figura Xervasio Paz Lestón. Con todo, a súa entrega ás dúas primeiras entidades pode axudar a entende-la súa pouca predisposición á notoriedade pública, como confirma o feito de que enviase poucos textos a outras publicacións (agás unha ducia de poemas nos semanarios da emigración galega en Bos Aires, *Correo de Galicia* e *Galicia* da FSG e pouco máis) e que tampouco amosase moito interese por recoller e edita-la totalidade da súa obra poética.

Tamén temos constancia, por un texto aparecido en *Alborada*, da súa asistencia ó Primeiro Congreso da Emigración Galega que tivo lugar en Bos Aires do 21 ó 31 de xullo de 1956, pero a súa intervención non pasou da simple presenza nos actos abertos ó público, sen participar como delegado en ningunha das comisións de traballo. A ABC de Corcubión figuraba entre as institucións adheridas, pero o seu representante no congreso foi Ricardo Montero. En opinión do seu fillo, Juan Gervasio Paz Narbaiz, a súa reticencia a ocupar cargos de maior relevo puidera deberse, en parte, a que consideraba que outras entidades tiñan unha orientación máis ou menos de “derechas”.

A primeira actividade social de Xervasio Paz Lestón da que temos constancia é a súa participación na “Sociedad Cultural y Agraria del Distrito de Mugía”, que tivo un polémico nacemento. As páxinas do *Correo de Galicia*, na súa sección “De nuestra colectividad”, fornecen información sobre diferentes entidades galegas da emigración e dan conta do proceso de fundación en varios números dos anos 1922 e 1923. A inicios de 1922 comeza a xestarse a “Sociedad Hijos de los Ayuntamientos de Mugía y Cée” que non chega a constituírse, pois morre antes de nacer convertida nunha entidade máis ampla chamada “Sociedad Agraria y Cultural de los Hijos del Partido de Corcubión”, que se constituíu o 26 de agosto, que

xunta a tódolos residentes do partido xudicial de Corcubión. Sen embargo, o seu nacemento é moi contestado polos residentes de Muxía, que se afastan nunha tumultuosa asemblea, celebrada o 27 de xaneiro de 1923, para constituíren, tan só tres días despois, a “Sociedad Cultural y Agraria del Distrito de Mugía¹⁰”, na que Paz Lestón vai se-lo secretario xeral¹¹ da primeira directiva, aínda que non figuraba entre as persoas que compuñan a xunta provisional xestora.

Por outra banda, a “Sociedad Agraria y Cultural de los Hijos del Partido de Corcubión” segue o seu camiño e no ano 1927 pasa a chamarse “Asociación Benéfico Cultural del Partido Judicial de Corcubión”¹², sen que cambie a súa organización interna. Nesa altura, prodúcese un recrutamento das diferencias entre ambas que se pode seguir a través das páxinas das súas respectivas revistas, *Alborada* e *Boletín de la Sociedad Cultural y Agraria del Distrito de Mugía*, con artigos máis duros neste último.

Aínda que Xervasio Paz Lestón estivo entre os fundadores da SCAD de Muxía, desempeñando en diferentes épocas os cargos de secretario xeral, vicepresidente ou director do seu *Boletín*, tamén é certo que, anos despois, cando era presidente da entidade, estaría entre os que propuxeron que a SCAD de Muxía se fusionase coa ABC de Corcubión. O seu papel nesta última foi máis discreto, xa que rexeitou calquera cargo directivo que non fose a dirección da súa revista *Alborada*.

A “Sociedad Cultural y Agraria del Distrito de Mugía” publicaba un *Boletín*. A colección que puidemos consultar, malia ser fragmentaria, é unha fonte documental precisa que nos permite coñecer en profundidade a implicación do poeta na agrupación. O primeiro número do *Boletín de la Sociedad Cultural y Agraria del Distrito de Mugía* debeu aparecer en 1923, aínda

10. Doravante, falaremos de SCAD de Muxía. Vid. *Correo de Galicia*, 878, do 4 de febreiro de 1923, e 880, do 18 de febreiro de 1923.

11. O *Correo de Galicia*, 896, do 10 de xuño de 1923, recolle amplamente a súa intervención. Os primeiros parágrafos din: “Después de dar las gracias a los concurrentes, anunció que iba a anticiparles la noticia de que el día 9 de Septiembre, coincidiendo con la tradicional romería de la Barca, se celebraría una fiesta campestre, que será -dijo- una romería típicamente gallega, más bien dicho, típicamente mugiana y que contendrá un número verdaderamente sensacional, no llevado a la práctica aquí hasta ahora por ningunha sociedade. Trátase de una *Regueifa*. Dirigióse luego a los concurrentes que no fueran gallegos, para explicarles el significado de la *regueifa*, con toda la concisión posible, ya que -añadió- no podría hacerlo con la justeza, el colorido y la gracia con que la describe el autor de *Alentos de raza*, el poeta mugiano Gonzalo López Abente. (...)”

La comisión directiva -siguió diciendo- desea os dé a conocer, siquiera someramente, la marcha de la sociedade. Cuatro meses apenas lleva de existencia y en tan escaso tiempo el número de sus asociados ha rebasado ya los trescientos; pero no es el número lo más importante, sino el entusiasmo de que todos ellos se hallan animados, constituyéndose en propagandistas” (...).

12. Doravante, falaremos de ABC de Corcubión.

que o primeiro do que temos constancia é o seu n.º 2 (xaneiro de 1924), seguido axiña por un terceiro. Despois duns anos de silencio reaparece co n.º 4 (31/07/1928), manténdose ata o n.º 18 e derradeiro, de abril de 1934, sacando un máximo de dous ou tres números cada ano, con bastante irregularidade.

Por informacións fornecidas pola revista sabemos que en 1928 o noso poeta figura como vicepresidente¹³ na Comisión Directiva, que preside Manuel Paz Trillo, ademais de pertencer á “Subcomisión do *Boletín*”. Así a todo, polo número de páxinas que asina, quer co seu nome, quer con varios pseudónimos, é evidente que o poeta era a *alma mater*. En 1929 elíxese unha nova Comisión Directiva, presidida por Leopoldo M. Balboa e co anterior como vocal. O noso poeta non aparece na relación de cargos, nin sequera nas comisións, aínda que nos consta que non deixou a vicepresidencia. Tal vez este feito se explique por unha nova aparecida nos “Ecos de Sociedad”, dando conta que o mesmo día en que a entidade celebraba a Asamblea General Ordinaria, a muller de Xervasio Paz Lestón, María Sara Narbaiz, daba a luz un neno, que foi bautizado días despois como Juan Gervasio Paz Narbaiz. De feito, a asemblea anual de 1930 é aberta polo poeta, como vicepresidente, en ausencia do titular. Os asistentes, por aclamación, elixen a Paz Lestón como presidente. En 1932 o novo presidente da entidade é Ramón Lestón, mentres que o poeta preside a Comisión Fiscal, que deixará un ano despois, e aínda figura na “Subcomisión do *Boletín*”. Pouco tempo antes de desaparecer, no n.º 17 (setembro de 1933) publícase unha mensaxe da Comisión Directiva, agora presidida por Jesús Liñeiro, informando do nomeamento de Paz Lestón como director da revista. O propio poeta, nunha nota asinada co seu nome, sinala que estivo dous anos moi afastado da actividade societaria, aínda que aparece nominalmente na “Subcomisión do *Boletín*”, e agradece que fose de novo designado pola directiva para traballar nese cometido.

Nos contidos o *Boletín de la Sociedad Cultural y Agraria del Distrito de Mugía* non se diferenciaba de calquera outra revista dunha entidade da emigración. Inclúe moitos poemas en galego de Xervasio Paz Lestón, ás veces asinados cos pseudónimos “Alma Nobre” e “Buserán”, este baseado nun personaxe dunha lenda popular muxiana, que tamén lle servira de inspiración a Gonzalo López Abente para a súa novela curta *Buserana*, reproducida por entregas en sucesivos números. Outros autores que tamén publicaron versos, ademais do propio Abente, foron seu curmán Victorino Abente Lago, Laurentino Castro Pena, O Marqués de Figueroa e outros vates de menor transcendencia. Os contos en galego levan a sinatura de Otero Pedrayo e

13. A información sobre a asemblea anual celebrada o 24 de marzo de 1928, na que Xervasio Paz Lestón é elixido vicepresidente, xa aparecera antes no semanario *Correo de Galicia*, 1161, do 22 de abril de 1928.

Avelino Rodríguez Elías, autor da sección “No turreiro”, reproducida en moitas outras revistas. Ademais publican a peza teatral *Carta do ausente* de Leandro Carré Alvarellos e artigos en galego de Laurentino Castro Pena, Benito Graíño, Ramón Otero Pedrayo, Alfredo Canalejo, Johán Vicente Viqueira, Eduardo Blanco Amor, a serie “Leria nova” de Vicente Risco e outros asinados por “Roxerius”, pseudónimos de Roxelio Pérez González, curmán de Manuel Antonio, e “Dedalus”, o xornalista José Barbeito, que realiza un panexírico de Castelao. Tamén aparecen textos en castelán do propio Paz Lestón e de autores como Juan Rof Codina, Avelino Rodríguez Elías, Antón Alonso Ríos ou Antón Villar Ponte.

Desaparecido o *Boletín*, a información fornécenola a sección “De nuestra colectividad” do *Correo de Galicia*. No semanario¹⁴ sabemos da asemblea anual de 1935 na que Xervasio Paz Lestón é elixido presidente por dous anos. As actividades da SACD de Muxía nos seus últimos anos de existencia redúcense a festivais¹⁵, que xa se realizan en colaboración coa ABC de Corcubión, como o que se organiza a beneficio da *Cruz Roja Española* en setembro de 1936. Nesta liña de apoio a entidades republicanas durante a guerra civil está a colecta realizada en abril de 1937 entre os socios máis caracterizados, dando como resultado 200 pesos arxentinos que lle foron entregados á “Agrupación Gallega de Ayuda al Frente Popular” por Paz Lestón¹⁶. Na altura, acababa de constituírse a “Agrupación Mugiana de Ayuda al Frente Popular”, que axiña se converteu en “Agrupación del Partido de Corcubión de Ayuda al Frente Popular”.

Xesús Torres Regueiro¹⁷ sinala que o 26 de agosto de 1922 se fundou, en Bos Aires, a “Sociedad Agraria y Cultural Hijos del Partido de Corcubión”, para tratar de rompe-lo minifundismo ó existiren varias entidades de emigrantes desta comarca. En 1927 pasa a chamarse definitivamente “Asociación Benéfica y Cultural del Partido de Corcubión”, máis coñecida como a ABC de Corcubión. Antes, como dixemos, sufrira a escisión do grupo que creou a SACD de Muxía en 1923. Tras varios anos de autonomía, os muxiáns volverían de novo ó seo da ABC, gracias á actitude de persoas como Xervasio Paz Lestón. Así a todo, o proceso de fusión non foi doado, como se recolle en varios números de *Galicia*, órgano da Federación de Sociedades Galegas. En 1935, co noso poeta na presidencia da SACD de Muxía, a entidade empeza unha política de cordial achegamento coa ABC de Corcubión. De

14. Vid. *Correo de Galicia*, 408, do 24 de marzo de 1935, e 413, do 28 de abril de 1935.

15. Tiramos estes datos do semanario *Galicia* da Federación de Sociedades Galegas que en 1934, e non antes, comeza a incluír información regular sobre a sociedade de Muxía.

16. Vid. “S. Cult. y Agraria del distrito de Mugía. Reseña de la campaña realizada por esta sociedad durante la guerra civil española”, en *Galicia*, 531, 15 de agosto de 1937.

17. X. Torres Regueiro, *A emigración coruñesa na Arxentina: a ABC* (en prensa).

feito, as dúas xuntas directivas colaboran, de maneira recíproca, para garantir o éxito dos seus respectivos festivais. Paz Lestón propón unha resolución para nomear unha comisión encargada de xestionar un acordo coa ABC, que é recibida con beneplácito pola maioría da asemblea extraordinaria en novembro de 1935, se ben houbo voces que se manifestaron abertamente en contra. Nela figuran o poeta e outros dous directivos, formando unha Comisión Mixta con outros tres membros da ABC. Tras varios encontros, aproban un proxecto de fusión que se somete á consideración das asembleas. A SCAD de Muxía celebra unha reunión de membros e ex-membros da súa directiva, na que Paz Lestón defende a unificación e por maioría deciden leva-lo tema a unha asemblea xeral, escoitándose as primeiras voces de oposición¹⁸. Finalmente, na asemblea extraordinaria do 19 de abril de 1936, logo dun debate “en un ambiente cálido y emocional por el calor y la convicción que ponían en sus palabras los distintos oradores”, os contrarios á fusión conseguen rexeita-lo proxecto por maioría. Nesa altura, o noso poeta abandona a presidencia, renunciando a calquera cargo nunha Comisión Provisional que queda formada por cinco socios. Sen embargo, despois da tempestade vén a calma e a penas dous anos despois a fusión da SCAD de Muxía coa ABC de Corcubión vai ser efectiva. *Galicia* e a propia revista da ABC, *Alborada*¹⁹, publican senllos textos informando da decisión tomada, por gran maioría de votos, nunha asemblea extraordinaria da primeira o 20 de marzo de 1938. Ese día xúntanse 16 asociados e despois dun longo debate o resultado vai ser de 13 votos a favor e tan só 2 en contra. Ademais, noméanse os tres integrantes da Comisión Mixta de Unificación, na que figura Paz Lestón. A negociación é rápida e fluída, e en poucas semanas aproban unhas Bases, de cinco puntos, que supoñen na práctica a integración da primeira, coa entrega do activo e o traspaso dos asociados. De seguido, convócase unha asemblea extraordinaria da ABC de Corcubión que ten lugar o 28 de maio dese ano, ratificando o acordo de fusión²⁰. A propia revista *Alborada*, no n.º 102, de 1938, no artigo “La unificación de la Sociedade de Mugía” fai público o inventario do que se fai cargo a ABC²¹. Finalmente, no n.º 103, de 1939, engaden unha relación

18. Vid. *Galicia*, 461, do 28 de marzo de 1936.

19. Vid. *Galicia*, 561, do 13 de marzo, 563, do 27 de marzo, 569, do 8 de maio, ou 570, do 15 de maio, todos eles do ano 1938. Vid. *Alborada*, 100 e 101, tamén dos primeiros meses de 1938.

20 O 20 de agosto de 1938 celébrase unha cea “Festejando la Unificación”, cun curioso menú que inclúe produtos de tódolos concellos: “sardiñas asadas, de Camariñas, caldo de grelos á fisterrana, caldeirada de pulpo á muxiana, pólos asados de Cee e Dumbría, fruta surtida de Vimianzo, café, estilo de Zas e Corcubión e viños do ribeiro, branco e tinto”.

21. Sobre este particular tamén informa *Galicia*, 580, do 24 de xullo de 1938, que recolle un extracto da derradeira reunión da SCAD de Muxía que se celebrou o domingo anterior para aproba-lo balance da institución e o traspaso de fondos á ABC de Corcubión.

dos socios da SCAD de Muxía que se incorporan na data da fusión. Logo desta, o noso poeta colabora na comisión de prensa que fai a revista da entidade corcubionesa, para chegar axiña á dirección coa morte de Antonio Díaz Novo en marzo de 1944.

A ABC de Corcubión iniciara a publicación de *Alborada* o día 22 de agosto de 1925. Nese ano o corcubionés Antonio Díaz Novo fora elixido presidente da ABC e un dos seus primeiros proxectos vai se-la creación dun órgano de comunicación entre os asociados. Así aparece *Alborada*, que tivo como primeiro director a Casto M. Insua, aínda que o primeiro editorial fose escrito por Díaz Novo. Insúa vai renunciar axiña e, desde o n.º 8, vai ser substituído polo propio Antonio Díaz Novo, que dirixe a revista ata o n.º 53, cando circunstancias especiais fan que abandone este labor temporalmente. No intervalo de 1930 a 1934, *Alborada* queda en mans do poeta Antón Zapata García, volvendo novamente Antonio Díaz Novo a retoma-la dirección no n.º 79 e ata o n.º 123, de marzo de 1944, que estaba a compoñer no intre do seu falecemento. Daquela é cando se fai cargo da revista Xervasio Paz Lestón, que foi o seu director ata 1966.

A primeira noticia sobre o seu nomeamento aparece en *Alborada*, n.º 130, de marzo de 1946, nunha nota da nova “Junta Directiva” que confirma nos seus cargos ós membros da Comisión de Prensa, polo seu eficiente labor á fronte da revista. Nela figura, entre outros, o poeta que xa desempeñaba a dirección literaria. Nese número informan dunha cea íntima dun grupo de membros da ABC con Castelao. Entre os asistentes está Xervasio Paz Lestón, como director de *Alborada*, que asistiu a última hora para saudar e adherirse moralmente á homenaxe. As novas das anuais “Ceas de aniversario”, que fan en agosto os socios da ABC para conmemoraren o nacemento da entidade e o da revista, deitan moita información sobre os discursos do poeta en calidade de director. Ademais, as actas das asembleas anuais da entidade



O director de *Alborada* dicindo algunhas verbas en nome da revista

e das sesións das xuntas directivas testemuñan como Paz Lestón é ratificado cada ano ata que, finalmente, deixa a dirección por propia vontade, sendo substituído en marzo de 1966 por Perfecto López Romero. Así a todo, continúa a publicar colaboracións, moitas asinadas con diferentes pseudónimos. De feito, nesta revista viron a luz, entre 1944 e 1972, numerosos poemas, que forman o groso da súa produción literaria. *Alborada* interrómtese entre 1966 e 1971, reaparecendo con Valentín Fernández como director. A última noticia sobre a participación do poeta na actividade societaria sae no n.º 177, marzo de 1972, figurando entre os asinantes dunha nota da Comisión de Contas. Finalmente, ano e medio despois de falecer, no n.º 181, abril de 1979, aparece na portada unha caricatura do poeta e unha breve biobibliografía no interior que asina Manuel Antonio Baño, que substituíra a Valentín Fernández como director da revista.

Retrato-caricatura de
Xervasio Paz Lestón na
portada de *Alborada*, 181

Con respecto ó contido, *Alborada* naceu para informar ós emigrantes na Arxentina dos sete concellos que forman o partido xudicial de Corcubión, e ós seus descendentes, sobre noticias comarcais de todo tipo: económicas, deportivas, culturais, con predominio dos ecos de sociedade, incluídos natalicios, vodas ou necrolóxicas. Desde o inicio abriu as súas páxinas a colaboracións literarias, a maioría de escritores da comarca ou con algún vínculo emocional ou temático. Son frecuentes os poemas de Eduardo Pondal, Gonzalo López Abente, Antón Zapata García, Xervasio Paz Lestón e outros poetas locais. Así mesmo, reproducense poemas de Xoán Manuel Pintos, Alberto Camino, Rosalía de Castro, Manuel Curros Enríquez, Lamas Carvajal, Uxío Carré Alvarellos, Alfredo Brañas, Ramón Cabanillas, Victoriano Taibo, Lois Amado Carballo, Uxío Montes, Francisca Herrera Garrido, Alfonso Gayoso Frías –fundador e director da revista *Eufonía*–, José Conde, Xosé Sesto López, Emilio Pita, e contos de Labarta Pose, Roxelio Rivero ou “Cousas da vida” de Castelao. Entre os artigos destaca a conferencia “Eduardo Pondal. Alma, Sentimento e Libertá da Terra Galega”, que pronunciara na Arxentina o poeta Antón Zapata. Ramón Suárez Picallo asinaba, na sección “Estampa mariñeira”, crónicas ficcionais da realidade galega. Acolle tamén artigos de Ramón Villar Ponte e seu irmán Antón, Portela Valladares, Otero Pedrayo, Xesús Bal y Gay, Manuel Rodríguez López ou Eliseo Alonso, ademais de ilustradores como Castelao, Maside, Cebreiro, Bagaría, Cao, Vidales Tomé, Torres ou Camilo Díaz. Na década dos corenta a nómina agrándase coa afluencia de exiliados galegos e con textos enviados desde Galicia que, diante da censura franquista, só se podían publicar nas revistas da emigración. Ademais dos citados, agora escriben Eduardo Blanco-Amor, Lois Manteiga, Antón Alonso Ríos, Ánxel Sevillano, Manuel García Barros, Ramón Rey Baltar, Florencio Delgado Gurriarán, Xosé Conde, Avelino Díaz, Carballo Calero, Neira Vilas ou Rodolfo Prada, entre outros. Castelao continúa a se-lo autor máis reproducido, xunto a Cabanillas, pero tamén Rafael Dieste, García Lorca e outros moitos. Os sucesivos directores enchen boa parte dos artigos da publicación, que se completan con textos de Álvarez Blázquez, Fernando Cadaval (pseudónimo de Carballo Calero), Ricardo Flores, Bieito Cupeiro ou Rodolfo Alonso, por citarmos tan só os máis habituais. Con todo, a revista nas últimas décadas perdeu boa parte do seu interese literario, cinguíndose á usual información para os asociados. Nestes últimos anos *Alborada* está dirixida por Manuel Conde González.

A participación de Xervasio Paz Lestón nas actividades da Irmandade Galega non é tan importante. Para Palmás²² e Vilanova²³, despois da Guerra

22. PALMÁS, Ricardo: *A emigración galega na Arxentina*. Sada, Edicións do Castro, 1978.

23. VILANOVA RODRÍGUEZ, Alberto: *Los Gallegos en la Argentina*. Bos Aires, Ediciones Galicia, 1966, vol. II.

Civil os sectores galeguistas da Casa de Galicia escindíronse, criticando a posición fascista da entidade, para constituíren a Irmandade Galega no ano 1941, co obxectivo de xuntaren nunha entidade política e patriótica o sentimento nacionalista galego que existía en amplos núcleos da colectividade e aproveitando a inxente colaboración de Castelao. Unha das primeiras actividades foi a de dotárense dun medio de expresión propio e así (re)naceu *A Nosa Terra*, que viña a ser unha prolongación no exilio da publicación galeguista interrompida en xullo de 1936. De feito, continuaban a numeración anterior. Desde a súa fundación, a Irmandade Galega adoitaba celebrar unha asemblea anual na que se valoraban as actividades desenvolvidas e se realizaba a renovación de cargos directivos. *A Nosa Terra*²⁴, baixo o título “Asamblea da Irmandade”, informa da que se celebrou o día 2 de abril de 1954, onde o *irmán* Paz Lestón foi designado para presidi-la xuntanza. De feito, a crónica remata recollendo a súa intervención de clausura do *irmán*. Cinco anos máis tarde, en 1959, aínda temos noticias de que o poeta continuaba vinculado coa Irmandade Galega, tamén a través de *A Nosa Terra*²⁵. Na ampla información sobre a Conferencia das Irmandades Galegas da Arxentina e do Uruguai, celebrada en Bos Aires os días 10 e 11 de xaneiro dese ano, Xervasio Paz Lestón aparece nomeado como un dos delegados que concorreron en representación da Irmandade Galega de Bos Aires²⁶. Catro anos despois, en 1963, *A Nosa Terra*²⁷ publica “A Irmandade Galega Deuse Novas Autoridades”, coa totalidade da nova dirección, e no denominado “Consello de Orientación”, que consta de catorce persoas, figura Xervasio Paz Lestón.

Mención á parte merece a súa relación con Castelao e con outros líderes galeguistas do exilio. Varias foron as veces que Paz Lestón debeu encontrarse con Castelao, a xulgar polas fontes documentais. Así, en *Alborada*,

24. *A Nosa Terra*, 489, abril de 1954.

25. *A Nosa Terra*, 502, maio de 1959.

26. As sesións remataron con decisións importantes como apoia-la consolidación de *A Nosa Terra*, que o galeguismo seguise a integrar Galeuzka e que se fundasen novas Irmandades noutras localidades da emigración. Ademais, na clausura apróbase, por aclamación: render homenaxe á República de Cuba pola súa liberación e comunicarlle o acordo “ao heróico xefe da revolución Fidel Castro por intermedio da Embaixada de Cuba en Bos Aires”; reitera-lo recoñecemento do Consello de Galiza e o apoio ó seu labor patriótico; referenda-lo acordo do I Congreso da Emigración Galega no que se condenaba calquera acción destinada a promover a emigración dos galegos, fronte ó apoio desta como fonte de divisas que adoptará outro congreso auspiciado polo réxime franquista na Coruña; pedirlle ó Consello de Galiza que denunciase calquera manobra dos inimigos do galeguismo; publicar un manifesto reafirmándose a prol do dereito de autodeterminación; fixar como data patriótica o 28 de xuño, cando foi plebiscitado o Estatuto polo pobo galego, e declarar Día dos Mártires Galegos o 17 de agosto, no que foi fusilado en Pontevedra o protomártir galeguista Alexandre Bóveda.

27. *A Nosa Terra*, 504, marzal-avril de 1963 (*sic.*)

n.º 130, marzo de 1946, aparece unha información elaborada polo poeta, daquela director da revista, aínda que sen asinar, baixo o título “Cea Intima de Agasallo a Castelao”. Fala dun acto promovido por un grupo de membros da ABC do Partido de Corcubión o día 24 de maio, con motivo de honrar a Castelao, por ter sido nomeado ministro republicano e galeguista no goberno do doutor Giral. Ademais dos principais dirixentes da ABC, asiste convidado Antón Alonso Ríos. Paz Lestón acode a última hora para saudar a Castelao e adherirse moralmente á homenaxe e na súa intervención, como director da revista, ofrécelle a Castelao “as páxinas da mesma pra canto tiña atinxencia cos problemas da nosa terra ate conquistar as liberdades a que ten dereito, política, económica e cultural”. No mesmo número, co pseudónimo *Labrego Profundador*, nun texto da serie “Acadullando”, sinala que tivo ocasión de botar unha boa parolada con Castelao sobre o labor cultural a desenvolver polas colectividades no estranxeiro. Castelao opina que en Galicia esa tarefa corresponderíalle ó Seminario de Estudos Galegos, que terá de ser reorganizado, e, na Arxentina, a unha institución cultural galega, filial ou delegada e protectora do Seminario, que debe ser creada e sostida polos emigrantes. Un ano despois, *Alborada*²⁸ publica unha carta do propio Castelao dirixida ó presidente da ABC de Corcubión para se desculpar por non asistir á cea de aniversario, pois está de viaxe en París (en realidade ía formar parte do executivo republicano que presidía Giral). No ano seguinte, o 30 de outubro de 1948, a ABC de Corcubión celebra un novo aniversario, do que informa *A Nosa Terra* co título “O xantar de Corcubión”²⁹, ó que asisten Castelao, como presidente do Consello de Galiza, e Antón Alonso Ríos, como secretario, e os presidentes das sociedades máis representativas da colectividade galega. A noticia recolle brevemente a intervención de Xervasio Paz Lestón, que antecede no uso da palabra a Alonso Ríos e a Castelao, encargado de pecha-lo acto conmemorativo.

Moito máis intensa vai se-la relación con Antón Alonso Ríos³⁰, que sempre estivo presente nas ceas que cada ano organizaba a ABC por idéntico motivo. As páxinas de *Alborada* testemuñan os sucesivos encontros, mesmo nas “Notas gráficas” do n.º 163, de maio a agosto de 1955, hai unha foto significativa na que Alonso Ríos pronuncia o seu discurso diante do micrófono

28. *Alborada*, 134, xaneiro a marzo de 1947.

29. *A Nosa Terra*, 465, novembro de 1948.

30. Antón Alonso Ríos (Campo Rapado-Silleda, 1887; Bos Aires, 1980). Emigrado na Arxentina, foi cofundador da Federación de Sociedades Galegas, dirixiu os xornais *El Despertar Gallego e Galicia*. Regresa en 1931 para colaborar na campaña galeguista, e foi elixido deputado a Cortes por Pontevedra nas eleccións de 1936. Durante a guerra permanece fuxido coa identidade do señor Afranio de Amaral e consegue retornar á Arxentina desde Portugal. Cofundará o Consello de Galiza e a Irmandade Galega.

e o noso poeta escoita atento, sentado ó seu carón. O último acto do que temos constancia da asistencia de Alonso Ríos é o que se celebra o 23 de setembro de 1961, aínda que é probable que assistise a algún máis.

Anos antes, o 26 de agosto de 1956, tamén é convidado Ramón Suárez Picallo, a quen anteceden no uso da palabra Paz Lestón, como director de *Alborada* e o presidente da ABC de Corcubión. Na súa intervención, Suárez Picallo lembra que o último discurso societario que pronunciou na Arxentina, antes de partir para Galicia para tomar parte na propaganda a prol do Estatuto de Autonomía, fora precisamente no local da ABC. Un ano despois, Suárez Picallo recunca, agora sen a compañía de Alonso Ríos.

Tamén o poeta Avelino Díaz³¹ tivo unha relación próxima con Paz Lestón. Así, *A Nosa Terra*, n.º 471, agosto de 1949, informa que o daquela secretario da Irmandade Galega ía falar nun acto organizado pola ABC de Corcubión, con motivo de descubrirse un cadro con sete poemas dedicados a cada un dos concellos que compoñen o partido xudicial. Esta composición literaria, da autoría do noso poeta, era “Humilde homaxe”. A información engade que a disertación de Avelino Díaz versará sobre poesía e poetas galegos, ademais de poñer de manifesto o intelixente labor desenvolvido por Paz Lestón na dirección da magnífica revista *Alborada*.

3. ACTITUDE DO POETA CON RES- PECTO Ó IDIOMA GALEGO

Malia a súa temperá emigración, pois lembremos que chegou á Arxentina o primeiro de xaneiro de 1911, con tan só doce anos, é un poeta bastante fiel ó uso do idioma galego. De feito, a súa obra poética en castelán é moito menos numerosa, e boa parte dela foi escrita ben nos anos mozos, durante o longo noivado coa que logo habería de se-la súa muller, María Sara, ben nos anos finais da súa vida. Hai catro textos poéticos que inciden de maneira especial na apaixonada exaltación da nosa lingua. Así, no poema intitulado “Nosa Fala”, escrito en 1949, cando xa levaba case trinta anos na emigración, o poeta afirma que non se debe renegar da fala. O texto iníciase citando a Valentín Lamas Carvajal e os versos de Paz Lestón mencionan a doma e castración de Galicia polos Reis Católicos, un feito histórico que, segundo o pensamento galeguista, significou a postergación da lingua galega en favor da introducción do castelán. Tamén relata o lugar común da nosa historiografía de que o galego puido sobrevivir gracias a se manter como lingua de uso no ámbito rural e mariñeiro. No segundo poema, que leva o epígrafe “Veña esa Man...”, engádese que é deber dos escritores e dos poetas galegos

31. Avelino Díaz (Santa Comba de Orrea-Riotorto, 1897; Bos Aires, 1971). Emigra de novo á Arxentina, onde dirixiu os xornais *Galicia*, *Lugo* e *Opinión Gallega*. Foi membro do Consello de Galiza e do Centro Galego. É autor de dúas obras en galego, *Debezos* (1947) e *Pallarregas* (1963).

acabar co complexo de inferioridade dos que teñen o noso idioma como lingua de seu. Ademais, critica os mozos progresistas que abandonan o galego por cuestións de finura e elegancia no falar, unha idea que subxace na teorización galeguista, que xa fora exposta por Castelao en *Sempre en Galiza*³² moi pouco antes e que prendeu no ideario do nacionalismo. No terceiro, co significativo título de “Porque escribo en galego” o poeta fai unha lúcida reflexión sobre as causas que o levan a optar por escribir na nosa lingua. O texto poético é unha resposta a unha pregunta dun parente que infravaloraba o papel que podía te-lo galego nun mundo que ía camiño do idioma único. Un argumento que xa fora contestado por Castelao no citado capítulo do *Sempre en Galiza*, no que sinalaba que os cans aínda están no idioma universal. Polo demais, engade que non quere ser fillo desleigado e por iso non renuncia á fala dos seus antergos. Finalmente, no poema “Meus Versos”, dedicado a Farruco de Touriñán, un pseudónimo que agochaba un *alter ego* co que adoita cruzarse cartas na revista *Alborada*, vindica a pureza e a dozura da lingua galega que rexurdiu no século pasado nas voces dos poetas Francisco Añón, Curros Enríquez e Eduardo Pondal:

Sen embargo, esta plausible práctica poética en galego non se corresponde coa praxe na vida idiomática do autor, que, como é lóxico, case sempre é en castelán. Aínda así, tamén é relevante que, segundo se deduce da prensa, fíxese un uso litúrxico do galego en diferentes actividades societa-rias. Pola contra, os textos en prosa no *Boletín de la Sociedad Cultural y Agraria del Distrito de Mugía* aparecen case todos en castelán, agás os contos “A Segadora” que asina co pseudónimo *Xalleiro* e “Traxedia do Folipiño que arelaba ser Don” que asina *Buserán*, e unha prosa descritiva intitulada “A Xunqueira”, tamén con este último pseudónimo. Así a todo, nas prosas publicadas en *Alborada* da ABC de Corcubión hai un maior equilibrio entre o uso do galego e do castelán, con lixeiro predominio do primeiro. En galego aparece sempre a serie de artigos co epígrafe “Acadullando”, asinados co pseudónimo de *Labrego Profundador*, e sempre en castelán outra serie, “Enfoques porteños”, que asina como *Masuno*. Tamén escribe sempre en galego os textos asinados como *Xulián* ou *Xulián de Moraima*, baixo o título “Resposta a meu curmán Farruco”, e os artigos patrióticos de *Pau de Ferro*

32 “O galego –somentes refugado pol-os *señoritos* ou por *traballadores* que quixeran ser *señoritos*– é hoxe idioma que prefiren os intelectuaes como vehículo da nosa cultura; pero aínda que carecera de tantos méritos contraídos, abondarlle ser a fala do povo traballador para estar difinido de por sí, pois o galego é unha executoria viva do traballo e unha cédula honrosa de cidadanía e democracia. Non esquezamos que si aínda somos galegos é por obra e gracia do idioma”, en A. D. Rodríguez Castelao, *Sempre en Galiza*, Capítulo IV, Libro Primeiro, en *Obra Completa*, 2, Madrid, Akal Editor, 1976.

e *Buserán*, este último coa excepción dalgún texto en castelán. De por parte, en galego tamén se publican a maioría das recensións que escribe co pseudónimo de *Nerio*, como as dos libros *Seara de romances* e *Contos do Miño* de Eliseo Alonso, *Escolma Poética* de Uxío Carré Alvarellos, *Muiñada noi-tébrega* de José Conde, *Os fidalgos de Rante* e *Galeguidade* de Alfonso Gayoso Frías ou do poema “Ode a Galicia” do portugués António Garibáldi e os tres números da revista *Nemancos*, que dirixía Baldomero Cores Trasmonte. Con todo, *Nerio* recensiona en castelán senllos números de *Galicia Emigrante* e de *Lar*, e un artigo sobre o “Hogar Gallego de Ancianos”. Finalmente, os textos co pseudónimo *Roxo Porcar* aparecen repartidos ó cincuenta por cento. Moitas novas e editoriais sen asinar están en galego, sobre todo a maioría das ceas de aniversario da ABC e un texto de homenaxe a Fernando Iglesias “Tacholas”, actor e director teatral. En ocasións tamén veñen asinadas co nome enteiro ou coas iniciais GPL, como a recensión do especial de *A Nosa Terra* sobre Castelao. Tan só coñecemos un texto en prosa que aparece noutra publicación diferente do *Boletín* e de *Alborada*; trátase do artigo “Lembrando a Vilar Ponte”, publicado en *A Nosa Terra* e que, por suposto, está en galego por ser esta a única lingua que admitía o semanario galeguista.

4. CORPUS POÉTICO E PSEUDÓNIMOS

A obra poética de Xervasio Paz Lestón, que recompilamos na súa totalidade na nosa memoria de licenciatura, non é demasiado extensa. Así e todo, os textos poéticos da súa autoría conforman un corpus importante, feito que fai aínda máis estraño que nunca fose recollida nun volume, quer a instancias do propio autor quer por algún dos seus coetáneos, entre os que a súa poesía tiña moito predicamento. Consta de:

* 183 poemas en galego: 130 poemas publicados e 53 manuscritos inéditos.

* 60 poemas en castelán: 35 poemas publicados e 15 manuscritos inéditos.

Deixando á parte os poemas en castelán, a obra poética en galego foi escrita durante case medio século de vida do poeta, pois o primeiro poema que temos localizado, entre os publicados, é “D’a España Doente” (*Correo de Galicia*, n.º 927, do 13 de xaneiro de 1924), e os últimos son “Ricardo Montero (lembianza dun patrián)” e “A campá do bardo” (ambos aparecidos en *Alborada*, n.º 177, abril de 1972). Tan só o manuscrito inédito en castelán “¿Para qué...?” leva indicación de ser anterior ós primeiros poemas en galego, pois está datado polo autor en 1918. Pola contra, hai que subliñar que existen dous manuscritos inéditos que teñen unha data lixeiramente superior, trátase de “No día das letras galegas (lembianza de un símbolo noso)” que, da man do poeta, aparece datado o “17 de mayo de 1972” e “Nas

Bodas de Ouro de A.B.C. de Corcubión”, no que sinala “Buenos Aires, 26 de agosto de 1972”. Así pois, temos noticia de que Paz Lestón principiou a publicar no noso idioma pouco despois de cumprir-los 25 anos e deixou de facelo cando estaba próximo a cumprir-los 74. Neste medio século de vida creativa chaman a atención dous aspectos: o feito de que quince poemas en galego visen a luz entre 1924 e 1926 –media ducia deles mesmo antes de que a bonanza económica lle permitise regresar a Galicia entre xullo de 1925 e marzo de 1926–, e o feito de non ter recollido a súa obra nun libro, aínda que temos constancia documental de que nalgún momento o poeta debeu considerala posibilidade de xunta-los seus versos nun volume, pois no poema “Cobardía”, publicado en *Galicia*, n.º 423, 7 de xullo de 1935, e no mecanoscrito que se conserva, inclúe o seguinte pé de texto: (Do libro, en perparació [sic]: “Berros de loita e cantos da vida labrega”). Sen embargo, nunca se editou e os manuscritos conservados non están ordenados como sería de agardar para un proxecto de publicación, pois a única sistematicidade é a súa datación, e só nalgúns casos.

Unha característica fundamental na obra poética publicada por Paz Lestón é o uso de moitos pseudónimos. Contabilizamos ata nove diferentes (doce, se contamos outros tres utilizados unicamente en artigos en prosa, *Farruco de Touriñán*, *Roxo Porcar* e *O Xalleiro*, este último era o alcume que tiña a súa familia de Serantes). Os oito dos que fixo uso na obra poética son *Alma Nobre*, *Buserán*, *Bieito de Xallas*, *Nerio*, *Masuno*, *Gundariño*, *Pau de Ferro*, *Xulián de Moraima* e *Labrego Profundador*. Hai que ter de conta que dos 130 poemas en galego publicados, 75 apareceron co nome e apelidos do poeta e 54 asinados cos devanditos pseudónimos, isto é, mais dun tercio publicouse baixo pseudónimo. Finalmente, outro texto leva o nome e apelidos na versión publicada no *Boletín. Sociedad Cultural y Agraria del Distrito de Mugía* e aparece co pseudónimo *Alma Nobre* no *Correo de Galicia*.

5. CONTIDO E TEMAS FUNDAMENTAIS

A obra poética de Xervasio Paz Lestón caracterízase, de primeiras, polo seu autobiografismo, xa que en moitos textos o *eu poético* é un traxunto do propio poeta que expresa as súas vivencias persoais. Polo demais, maniféstanse dúas liñas temáticas fundamentais, a nostalxia da Terra e o antifranquismo, que consideraremos transversais por estaren presentes en moitísimos textos de maneira referencial, ademais de ocuparen a totalidade do sentido nalgúns deles. Así pois, unha poética da saudade e unha poética do compromiso próxima á poesía civil de autores como Lorenzo Varela, Luís Seoane ou Alfonso Gayoso Frías. Non se trata dunha afirmación gratuíta, pois existen testemuños claros de que a poesía dos dous últimos estaba entre as súas lecturas de preferencia. De feito, no poema “Agasallo”, lido na presentación de *Os fidalgos de Rante* de Gayoso

Frías, hai unha referencia explícita a Seoane. Deixando á parte o notorio antifranquismo que xa foi tratado na caracterización ideolóxica do poeta, nos poemas iniciáticos xa rexistrámo-la veta cívica. En efecto, desde os seus primeiros textos é un poeta civil, de denuncia social, comprometido coa causa dos desfavorecidos. De feito, textos datados en 1924, 1925 ou 1926 denuncian a situación da sociedade española durante a monarquía de Alfonso XIII ou a dictadura do xeneral Primo de Rivera, que é cualificado como *Xeneral Morralla*, *Xeneral Metralla*, *Azor* ou “*chulo*” *xeneral Miguel Primeiro*. Veláí “D’a España Doente...” para o primeiro e para o segundo “¡Calade...”, “A Unamuno”, no que menciona o confinamento do intelectual español, “¡Terror Galiñeiro!” ou “España é un Galiñeiro”. Todos eles apareceron no *Correo de Galicia*, periódico dirixido por José R. Lence, que tiña como secretario de redacción a Ramón Suárez Picallo.

Por outra parte, hai unha evidente diferenciación no tocante ó tema patriótico pois temos que distinguir cando se trata de Galicia ou de España. Nos textos iniciáticos a patria do poeta é España e a penas se menciona a Galicia, sen embargo nos poemas da etapa antifranquista a énfase patriótica está en Galicia, que se enfrenta a unha Castela que a marxina ou que a asoballa. Así, reflíctese claramente a deriva de Paz Lestón cara á asunción dos postulados do nacionalismo galego. Non pode ser alleo a este feito a proximidade de persoeiros como Castelao, Alonso Ríos, Núñez Búa ou Suárez Picallo.

A saudade da Terra penetra en tódolos textos que falan da emigración. Malia non ser un exiliado, a visión da emigración que posúe Paz Lestón é moi semellante á dos desterrados por razóns políticas. Na súa poesía non se percibe nunca unha imaxe idílica do éxodo, pola contra sempre se denuncian as súas causas. Isto ocorre xa nos primeiros textos, veláí a magnífica narración da epopea en “Os Novos Conqueridores”, que relata a partida, a viaxe e a derrota da maioría. Esta derrota en referencia individual aparece nos poemas “Andrés do Fontán” e “Andrés”, que tal vez fagan referencia á mesma persoa, e como amarga experiencia autobiográfica en “Alonxamento”. Outro testemuño dramático é o que aparece reflectido en “O Adiós dos Parias” que reitera máis unha vez as causas, a afouteza coa que se emprende a viaxe e, finalmente, a constatación de que por cada un que vence, cen perderon a partida. Así nos describe ós que se viron na obriga de abandonaren todo por iren na procura de algo que sempre é incerto. A condena da emigración aínda está presente nun poema publicado en 1960: “Barcos”, no que o *eu poético* se sitúa no cume do monte Cachelmo, nas terras de Muxía, vendo como pasan os barcos que se supoñen cargados de emigrantes. Outra cara da mesma moeda é a dos que sofren na espera, que aparece tamén abundantemente reflectida en poemas como “As Naiciñas” ou en “Noiva de Emigrado” onde as que teñen os corazóns abafados son as mozas dos que emigran. Neste poema, que data de 1935, fálase do *monstro da emigración / que hoxe a Galicia devora...*

Sen se-lo eixe dos poemas, tamén a emigración aparece reflectida de maneira negativa noutros poemas como “Nosa Señora”, “Pino de Corcubión”, “Sábado da Barca”, “Non rías forte mocíña”, “Igual que Ábores”, “Vente, Ventíño do Norte”, “Ricardo Montero” ou “Galicia”. A única imaxe en positivo da emigración relaciónase coa actividade das sociedades de emigración, nomeadamente daquelas dúas entidades, a “Sociedad Cultural y Agraria del Distrito de Mugía” e a “Asociación Benéfico Cultural del Partido Judicial de Corcubión”, máis coñecida como a ABC de Corcubión, nas que Paz Lestón tivo responsabilidade. Son numerosos os poemas de circunstancias, case sempre asinados con pseudónimos, que falan deste tipo de celebracións, velaí “Festa Muxiana”, “A festa de San Martiño”, “Sábado da Barca”, “Á festa de Sant Yago”, “Regueifa”, “Antroido”, “¡Que Festas!”, “Que festas as da A.B.C...!”, “Que festa a da Barca” –que relata a participación nunha festa anual da ABC de Corcubión de persoas como Maruxa Boga, o actor Tacholas, os Moreiras e outros moitos xoldeiros–, “Arriba as Almas” ou “Que festa”. Chama poderosamente a atención que en moitos destes textos poéticos exista unha reivindicación da *muiñeira de roda*, un baile que o poeta considera representativo da súa terra e que levaba camiño de desaparecer como tradición de nós, unha idea que tamén impregna o poema “A Muiñeira” e, por suposto, o texto “Vella Muiñeira de Roda”. Outra constante destes textos é a referencia ás *regueifas* ou a *regueifeiros* concretos como Celestino Sar, chamado o Seixas de Aboi, Pepe Grande de Quintáns ou Benedito de Lourido, entre outros. Os regueifantes tamén protagonizan o poema obituario “Regueifantes a chorar”, unha homenaxe ó primeiro dos citados no momento da súa morte. Tamén entran aquí os poemas conmemorativos como “¡Un Ano!”, no que lembra o primeiro ano da Sociedade Cultural y Agraria del Distrito de Mugía e “Vintecinco anos” e “Nas Bodas de Ouro da A.B.C. de Corcubión”, referidos a esta. No primeiro e no segundo hai versos que resumen perfectamente o papel que debían cumprir estas sociedades da emigración segundo consideraba o poeta. Ademais, no segundo, advirte que non se poden deixar morrer. E en “Amoroso Fogar” e “Pequeno Piñeiro” fala do Fogar Galego, este “Hogar Gallego para Anciaños” era unha vella reivindicación da emigración como centro de acollida para vellos e enfermos.

Outro tema importante é o costumismo neopopularista, unha serie de poemas descritivos da vida aldeá e das angueiras labregas. Demostra ter asimilado todo o pouso ruralista de Lamas Carvajal ou o costumismo da Rosalía de *Cantares gallegos*, adoito citados ou parafraseados na poesía de Paz Lestón. Practicamente tódolos labores do agro son cantados, nunha épica do mundo labrego que rara vez na poesía galega chegou a ter semellante intensidade. De feito, moitos son dunha coidada construción, ademais de relataren polo miúdo o mundo do traballo campesiño. A serie inclúe “Os segadores”,

“Sacha” e “A Sacha”, “Sementeiro”, “Seitura”, “Cava”, “Agra aberta”, “Esfolia”, “Acarreto”, “Día da Palla”, “Vello Muíño”, “Affa Ben, Meu Amigo”, “Cogando” ou “Milleira”, ademais de apareceren referencias noutros textos, dos que cómpre salientalo que se titula “San Isidro Labrador”. En relación con eles tamén están aqueles outros nos que se reivindica a muller labrega galega como esencial, como ocorre en “As Santas”.

A nosa paisaxe tamén é cantada nos poemas. Dentro desta temática teremos en conta a descrición da comarca natal do poeta en “Outo Castro de Xansón” e “Humilde homaxe”, no que dedica unha décima a describir cada un dos concellos que compoñen o ámbito territorial da “Asociación Benéfico Cultural del Partido Judicial de Corcubión”. Así, versan sobre Camariñas, Cee, Corcubión, Dumbría, Fisterra, Muxía, Vimianzo e Zas, deixando fóra Carnota, que tamén se integra neste partido. No poema “O Vilán”, ademais da pegada do poeta Gonzalo López Abente, fala do faro da costa de Camariñas e da súa importancia para salvar as vidas dos mariñeiros en días de tombos tráxicos.

Outra das liñas esenciais na súa poesía é o Amor. Dentro das matizacións que este tema pode presentar, sinalámo-la de “expresión de afecto”, intimista e subxectiva, centrada no *eu*, sobre todo na dialéctica *eu / ti* dos poemas intitulados “Pasache ti...”, “¿Recordas?”, “Moza aldeana”, “Tuven Amor na Montana” ou “Trovas humildes”; no mesmo xogo en varias coplas de acento popular como “Cantares de romeiría”, “Cantares do Bo Amor”, “Cantareas”, “Cantares” ou “Muiñeira”; e tamén anotámo-la mesma dialéctica contemplada de maneira xeral, sen mención expresa dos antagonistas, como acontece en “Ziumes”, “Misterio de Amor” ou “Leva a Rapaza ao Altar”; así como nos finais de poemas con outra temática como a rifa de amor en “Cava”. Finalmente, nesta liña amorosa tamén están “Nunca Mais...”, no que o *eu poético* condena os amoríos e procura a tenrura dos seres queridos, e a composición “Non rías forte, mociña”, que relata a dramática desfeita dunha parella por mor da emigración.

A reflexión sobre a Morte é outro dos temas iterados. De primeiras, aparece nos obituarios subliñados no parágrafo precedente ou en “Antroido”, no que se presenta o paradoxo de que mentres se produce un dó a vida continúa fóra, no rebumbio da festa. Ademais, a morte como constante preocupación do ser humano, tan presente na poesía universal, aparece en “Campanas da Guadalupe”, un poema que é debedor de Rosalía de Castro. Os versos, datados o 2 de novembro de 1947, ofrecen unha descrición do día de defuntos na parroquia natal que o *eu poético* evoca desde a distancia, coa lembranza dos pais e doutros familiares e amigos que xa non están. Esta visión tanática está tinxida de dramatismo pois, aínda que a morte é asumida como inherente ó transcórrese da vida, chegou cedo de máis. De feito, o camposanto é un dos motivos simbólicos máis recorrentes. Así, aparece nos

dous poemas intitolados “Camposantiño aldeán”, pero tamén en “Despedida”, escrito en memoria da nai e no que lembra a derradeira ocasión en que se viron para rematar explicitando o desexo de poder retornar ó humilde camposanto parroquial e reparar en parte a súa ausencia durante os últimos anos de vida. A dor, asociada á desaparición de seres queridos, percorre os poemas “Van caendo” e “Cal Feros Corvos”, no que os paxaros simbolizan as penas.

Cómpre salientar, finalmente, os poemas escritos nos cabodanos de Pardo de Cela, Castelao, Antón Vilar Ponte, Lamas Carvajal ou Gonzalo López Abente, así como os textos “Somente Quedan Tres Ponlas”, composto cando a morte de seu irmán David, “A Manuel Canosa Puente” cando este falece. Moitos teñen o carácter de semblanzas, aínda que non sempre foron feitas despois da morte dos homenaxeados, pois o propio Abente é glosado con anterioridade, e nesta liña tamén está a “Semblanza” que escribe para o seu amigo, o poeta Xesús Calviño de Castro³³. Neste aspecto, é curioso observar que na poesía de Paz Lestón comparten protagonismo os grandes persoeiros nomeados con persoas do común, como os regueifeiros ou de moi pouca consideración social, como se o poeta tamén tivese intención de nivela-la sociedade a través dos seus versos. Personaxes descoñecidos como “Xan Castrelos” ou “A Probe Velliña” que vai petando nas portas das casonas de labregos e de ricos, xúntanse cos anónimos labregos que en colectivo serven de inspiración lírica. Unha actitude para a cal se pode achar explicación nos textos metapoéticos que analizamos nos seguintes parágrafos.

Unha mención á parte merecen os textos que, dalgún modo, se converten en *metapoéticos* ou en precisas *Autopoéticas*. Son abondosas as reflexións que Paz Lestón fai sobre o acto poético, non en van nos vieiros de ensoño que lle ofrece o carrusel da poesía vai atopa-la alegría, como confesa no poema “A felicidade”. Sen embargo, achégase á palabra poética con humildade, como reflicten as primeiras estrofas de “Miña Comarca”. Como testemuño do lugar que toda a poesía ocupa e tamén da recepción que tiña na emigración a nosa tradición lírica do Rexurdimento temos “Lembranza”, onde son invocados a *rula* Rosalía, Curros e Pondal, ou “Meus Versos”, no que sitúa os poetas citados e tamén a Añón como exemplo de estros lostregantes. Esta invocación e esta veneración convértense en durísima carraxe nos expresivos “¡Batede Mais, Poetas!”, publicado nos anos vinte, e “Compride a Misión,

33. “Calviño de Castro (Jesús). Nacido en Abegondo, reside na Arxentina desde 1911. De sempre sentiu un gran amor pola súa terra que se reflicte no seu labor constante en Bos Aires. Colaborou en publicacións galegas e arxentinas, dirixindo periódicos e fundando a AGUEA. Publicou os libros de versos *Hojas dispersas* e *Bordón de peregrino*. Dirixiu no pouco tempo que durou a audición radial da Federación de Sociedades Galegas” en A. Vilanova Rodríguez, *Los Gallegos en la Argentina*, vol. II, Bos Aires, Ediciones Galicia, 1966.

Poetas”, publicado en 1934, cunha cita de *A misión dos bardos* de Evaristo Martelo Paumán. A reacción vén provocada no primeiro caso porque se aproxima a hora das reivindicacións e no segundo pola actitude dos nosos bardos na época, xa que considera que andan á moda ó escribiren versos de amores finxidos e cantaren romances de cegos ou madrigais chorosos, esquecendo os seus deberes. Nese senso apela a recupera-lo exemplo de Curros Enríquez e a botar man da poesía directa, refugando os versos pulidos, os conceptos *alambicados* para salóns e os pesares non sentidos. Cualifica de *remilgados* a estes poetas e fala da necesidade de que os poetas poñan os seus versos ó servizo dos oprimidos, dos pobos escravos e que combatan a reacción. O mesmo ocorre con “Agoiramento” e con “Revelacións e non Misterios”, título dun verso de Curros. Pola contra, os verdadeiros poetas teñen a certeza de seren visionarios e os seus versos inmortais. Así nolo fai saber no poema “A Galicia”, no que afirma querer se-lo profeta da gran futuridade para a patria que anunciou o bardo bergantiñán Eduardo Pondal. Tamén en “Agasallo”, lido na presentación de *Os fidalgos de Rante* do seu amigo Afonso Gayoso Frías, en 1956, volve ser rotundo cando di que a terra necesita de poetas *rebertes* como o propio Gayoso. Ademais, ós poetas tamén lles corresponde a tarefa de dignificaren a lingua, como se salienta en “Veña esa Man...”. Con todo, a autopoética máis impresionante está nun texto ben significativo por dúas razóns, por estar datado en agosto de 1936 (moi pouco despois do triunfo do alzamento franquista) e polo seu propio título, “Contra a Inxustiza”. O poema sinala que, perante o ascenso do fascismo, tivo que quitarlle o po e as arañeiras á lira que tiña tirada no faiado para convertela en fusil e teimar en arrincarlle as rexas e *rebertes* harmonías de Brañas, Pondal, Añón, Curros, Lamas Carvajal e Rosalía, e dos poetas da xeración de Cabanillas, López Abente e Taibo.

En definitiva, a poesía de Xervasio Paz Lestón mestura os elementos máis populares con aqueloutros de xinea culta, a versificación doada co artificio máis elaborado, do que temos unha mostra nos poemas estacionais. Trátase de tres textos que, na nosa opinión, representan os momentos líricos máis álxidos, sen menosprezo doutras composicións. Son os dous que levan o epígrafe “Primavera” e o titulado “Invernía”. Calquera deles sería digno dunha antoloxía das mellores páxinas da nosa poesía, sen esquecermos algún dos poemas que dedicou a Castelao, a Bóveda ou a Pardo de Cela.

6. CONCLUSIÓNS XERAIS. A NOSA VALORACIÓN

A modo de conclusión, podemos afirmar que Xervasio Paz Lestón foi unha persoa galeguista e progresista, que abrazou os ideais da esquerda e que combateu o franquismo. De feito, malia non ser un exiliado senón un emigrado (que chegou a Arxentina en 1911), integrouse de cheo no traballo das sociedades comarcais que logo colaborarían

coa antifranquista FSG. Este feito sitúa o home a a súa obra poética, de xinea autobiográfica, na poesía social do exilio galego. Por esta razón, atrevémonos a situalo seu encadramento cronolóxico no que Méndez Ferrín denomina *A Xeración de 1936*, pois comparte moitas das súas características, aínda que non todas, por razóns obvias. Certo é que viviu este dramático e traumático conflito na emigración, pero a súa actitude foi tan coherente (inclusive poñendo a súa palabra poética ó servizo da denuncia do réxime franquista) que non dubidamos á hora de realizarmos este xuízo.

Malia todo isto, e se cadra polo feito de nunca publicar un volume que recollese os seus versos, tivo unha escasa recepción. Sen embargo, nós estamos convencidos de que a obra poética de Paz Lestón merece ocupar un lugar destacado na nosa literatura da emigración e do exilio, que reverdeceu en América, debaixo de voces fundamentais como Luís Seoane ou Lorenzo Varela, pero na mesma altura que autores como Alfonso Gayoso Frías, Ramón Rey Baltar, Avelino Díaz, José Conde, Emilio Pita, Prieto Marcos ou Xosé Rubia Barcia, todos eles merecedores de estudos en profundidade e de protagonizaren efemérides como o Día das Letras Galegas.

ANEXO

Engadimos unha escolma representativa da obra poética de Xervasio Paz Lestón, que inclúe oito textos. **Primaveira** e **Invernía** reflicten o seu mellor estro, **Noiva de Emigrado** e **Barcos...** representan a súa imaxe da emigración, **A Curros Enríquez** e **Cabanillas** serven para sabermos das súas débedas literarias e **Na morte de Castelao** e **Revelacións e non Misterios** amosan a súa poética máis cívica.

Noiva de Emigrado³⁴

N-o encanto da homilde aldea
naceu súa fermosura
envolta n-a galanura
d-enxebre gracia serea.
5 ¡De beleza ultraterrea:
os seus ollos amantiños
son com-as frores dos liños;
os seus labios, dous craveles,
i albas perlas, detrás d-eles,
10 son seus dentes miudiños!

Cal románica vestal
mantén o fogo sagrado
n-o mol altar agochado
do seu peito virxinal,
15 donde arde o amor ideal,
e n-as alas da ilusión
vai a lírica pasión
cabo do mozo adourado,
do nobre chan emigrado,
20 dono do seu corazón.

Mais ¡ai! o fadal destiño
sabe ter bromas sangrentas
e, con poutas medoñentas,
travesarse n-o camiño,

34. *Galicia*, n.º 439, 27 de outubro de 1935.

25 convertido en asesíño
 da doce ilusión viaxeira
 que morre en terra extranxeira
 –¡malia o tempo i a distanza!–
 trocando a verde esperanza
 30 en negra pena fondeira.

D-entón, roseira sin rega,
 vai perdendo a louzanía
 i ä moura melanconía
 sua i-almiña s-entrega:
 35 (¡ouh, mártir virxen galega!)
 ¡rosiña de frescas cores
 que murchan os sinsabores
 da espera... sin esperanza
 por quén, n-a longa distanza,
 40 liba o mel d-outros amores!...

.....
 Probes noivas d-emigrados
 que ollan o pasar dos días
 sufrindo mil agonías
 seus corazóns abafados:
 45 lirios d-amor condenados
 a murcharse de tristura
 sin que o mel da sua tenrura
 se troque nunca en panal
 de santo amor maternal
 50 e nutra tenra criatura.

O monstro da emigración
 que hoxe a Galicia devora,
 mandouno o Ceu, en malhora,
 coma infernal maldición:
 55 ¡cánto amante corazón
 bágoas de sangue botou
 pol-o amor que lle roubou!...
 ¿Cándo tal acabará?
 ¿cándo Dios nos librá
 60 da praga que nos mandou!...

Na Morte de Castelao³⁵

Fois-o arquetipo esgrevio da raza nobre e forte,
que con bronceo acento cantou o gran Pondal;
voiou cara ás outuras, bulrándose da morte,
trocado en astro fúlxico do espazo sideral.

5 ¡A voz do gran guieiro pra sempre enmudeció,
mais, viven os seus feitos, que han de falar por él;
a luz do eixelso esprito no eterno s-afundío
pintando nos vieiros mañífico ronsel!

10 A terrenal materia perdeu sua quentura,
despois de crueles horas pagadas ao delor
i-ó frio das estautas entrouse na envoltura
da mais pristina ialma que fixo o Creador.

15 ¡Caieu o esgrevio artista cuia sin par grandeza
foi ofrecerll-ó povo seu inquedor xenial;
os mestres i-ós rapaces gustaban da beleza
bebendo as celtas linfas da fonte exceucional!

20 Tivo alma franciscana, viveu homildemente;
podendo ter fortuna, sementes quixo ser
da sua terra escrava un paladín valente
sin ver canto gañaba nin canto iba perder.

Descípulo d'Hipócrates, deixou a medicina
para vorcar nas artes o inquedo corazón
no que o sufrir da patria foi magoante espiña,
mais él trocou seus dores en fonte d-emoción.

25 Deus-enteiro a Galiza, con alma xenerosa,
sin ambiciós mezquiñas, decote puro e fiel;
e fixo seu camiño por senda delorosa
que muitos emprenderon, felices, detrás d-él...

35. *A Nosa Terra*, n.º 475, febreiro de 1951.

30 Espallaba decote sua verba emocionada;
 él era un humanista que amaba a libertá
 non era dos qu-esquirben e nunca nos din nada
 ¡unque s'afunda en xurro i-esterco a humanidá!

35 Teceu as suas obras collend-os persoaxes
 do povo verdadeiro, con alma e corazón;
 nas vilas i-ás aldeias, en festas e romaxes
 por eso n-eles pula con azos a emoción...

40 Cando, n-aquel agosto do trint-e seis maldito,
 xurdío dos infernos o mostro ferrolán,
 brotaron do seu lápiz e do papel escrito
 os berros de xusticia, que nunca morrerán!

As “Estampas Galegas” i-“Atila na Galiza”
 mentres a patria eixista, terán elas de ser
 acusación sangrante no nome da xustiza
 contr-ós caíns prevésos que, ó fin, han de caier.

45 (Na maxia dos seus ollos a luz vaise apagando,
 xa casi non traballan o lápiz io pincel;
 ¡despois, un mal tremendo seu peito vai rilando,
 “coma se fora un corvo” –según decía él-!...)

50 Foise o arquetipo esgrevio da raza nobre e forte
 que con broncíneo acento cantou o gran Pondal;
 voiou cara as outuras, bulrándose da morte,
 trocado en astro fúlxico do espazo sideral.

55 Por tan esgrevio fillo salouca a patria escrava
 dend-os mais áspros montes ó cabo fisterrán;
 entoa tristes salmos o mar da costa brava
 i-as fontes i-os pinales en queixas se desfan.

60 Xa acouga Castelao no triste cadaleito
 con terra da Galiza, das carnes a carón;
 ¡quizais a rosa roxa pulase no seu peito
 ao maternal contaito, con lírica emoción!

Mais, sesgáball-os beizos un ritus de amargura
 pol-a terra aldraxada que arrastra seu delor;
 mártir terra afogada nos mares da tristura,
 qu-él quixo redimida por fraternal amor.

A Curros Enríquez (No seu Aniversario)³⁶

Loitador de valente rebertía
que fixestes do verso luz e tralla
e batendo no rosto da canalla
aluzastes na Terra novo día:

5 N-estas horas de torpe hipocresía
en que a moura reaición forxa a metralla
pra darlle a Liberdá feroz batalla,
ven con nosco a bater á tiranía.

10 Qué lostregue teu estro diamantiño
con trallazos de cívicos fulgores,
que alumíen dos pobos o camiño,

mentras bata as meixelas dos treidores,
¡para que a patria acade seu destino
libertá de tiráns i entregadores!

Revelacións e non Misterios³⁷

Xoglares da Galiza pelegrina,
trovadores sin Patria que levades
encravado no peito o duro aceiro
das angurias da Terra asoballada,
5 vinde connigo pra canxar as voces,
que temos de entonar valente canto.

Deixémonos de esculca introspeitiva
ou de inventar, cecáis mentidas penas
cantadas en linguaxe sibilino
10 que nin nosoutros mesmos entendemos.

¡Cumprámol-a misión dos nosos días
cargados de tremendas amiazas!

36. *Galicia*, n.º 1188, 30 de setembro de 1952.

37. *Alborada*, n.º 156, febreiro a maio de 1953. Reproducido por Xesús Alonso Montero en "Manifestos" en verso en favor da poesía civil nos primeiros tempos da posguerra na Galicia da terra e na Galicia emigrante (1939-1962), A Coruña, RAG, 1993.

Os de agora non son tempos doados
pra afundirse na sima dos instintos
15 disfrazando con líricas metáforas
as lascivas pasións que nos consomen;
nin de escarabellar na podredume
das humanas miserias,
armados do escalpelo, hoxe de moda,
20 da máis torbe e falaz filosofía... ..

¡Non son xornos de torres metafóricas!

¡Quen non erga hoxe a voz en son de loita,
traballa sin querer pras tiranías
que, coa fame dos pobos,
25 engordan o feroz imperialismo
dirixido por fatos de amoraes!...
Escusemos seus versos decadentes
aos que moran no chan da Terra escrava
faltos de alas de luz pra o pensamento,
30 cos espíritos en somas mergullados.

Pro, nós que estamos ceibes,
percuremos suplilos na laboura
que non poden cumprir,
entonando, por todos, rexos cantos
35 con voces craras e sinxelas verbas.

Máis que nunca, as concencias
“queren revelacións e non misterios”.

¡Que esta frase do gran celanovense
nos sirva coma lema no futuro
40 e que o numen xenial do rexo Bardo
sexa noso guieiro e nos inspire!

Invernia³⁸

- Chove maino, sin acougo, neste inverno lagoeiro.
Fai xa mais de quince días.
Cae a chuvia mainamente desde un ceo recuberto
de un mantelo color cinza.
- 5 Amodiño cae a chuvia ¡i hai tristura na paisaxe,
nestes xornos de invernia!
Na fiestra do meu cuarto tendo os ollos vagaxeiros,
a través das finas pingas,
sobor soutos e toxearas, pol-as fragas e pinales.
- 10 Por cangostras e cañeiras, pol-as terras labrantias.
Antre os velos da orvalleira vense as mardes sementadas
do mol chan da Condomiña.
I as Pedrosas i os Lamosos son lagoas melanconicas
de ágoas tristes é chumbizas.
- 15 No arremate de xaneiro verdexea xá o trigo.
Pol-as terras farturentas baixo á chuvia miudiña,
pero ó verde dos trigales
non aleda meu esprito, saturado de invernia.
¡No traveso da fiestra van os ollos esvarando,
- 20 pol-o vario panorama da paisaxe campesiña
no que un velo verde oscuro cobre soutos é toxearas,
hortas, agros e camiños, de invernal melancolía!
Voian logo hastra Moraime, por enriba do Valnovo,
onde ven ou adiviñan
- 25 O recanto silandeiro das eternas insinanzas
Pra os humanos ateigados de soberbias e cobizas!...
Troco logo de fiestra. Na que da cara ó poñente,
por sobre as casas veciñas,
ollo as terras sosteñidas por valados é ribazos:
- 30 Fontán, Rodo, Agra de Arriba...!
Mais anque a paisaxe troca suas formas xeométricas
está ausente do contorno toda mostra de alegría...
Anda á xente pol-a casa sin solaz é desnortada,
entre cansa é aburrída!
- 35 Berra o gando lastimento farto xa de longo encerro,
é tamén de comer palla na prisión das crabalizas.
Chove maino, sin acougo, nestes días de orvalleira,
dende o ceo á chuvia cae peneirada en finas pingas...
¡Como pesan sobre o esprito no recanto das aldeas
- 40 estas horas abafantes, estas horas de invernia!

38. *Alborada*, n.º 161, agosto a decembro de 1954. Reproducido por Rafa Villar en: "Novas de América: a poesía de Paz Lestón", *Revista das Letras do Correo Galego*, 2 /marzo/ 1995.

Barcos...³⁹

- N-o cume do irto Cachelmo
 detiven o inqueda paso
 i os ollos pouséi, fitantes,
 n-as ondas do mar Cantábrico.
 5 Fendendo o abalante espello,
 pasan barcos
 que deixan albo ronsel
 sobre o cristal azuado.
- 10 Viaxeiros incansabres,
 todol-os mares sulcando,
 saben, de remotos portos,
 mil encantos...
- 15 Famentos de ñoto alén,
 sedentos de luz, siascaso,—
 ou buscando o amor, de noites
 con raro ceo estrelado,
 que teñ-abrazos de fogo
 e bicos d-ardentes astros,—
 20 esváíense n-o hourizonte
 estes barcos...

 Fendend-o abalante espello,
 pasan barcos:
 dentro das panzas burguesas,
 25 cargamentos d-emigrados
 que van tecendo esperanzas
 ilusados,
 ¡e voltas coas almas murchas
 curtidas dos desenganos...!
- 30 ¿Cando acabará, Galicia,
 teu Calvario?
 ¿Cando pasarán valdeiros
 de galegos emigrados
 eses pantasma negreiros,
 eses barcos...

39. *Alborada*, n.º 169, marzo de 1960. Reproducido por Rafa Villar en: “Novas de América: a poesía de Paz Lestón”, *Revista das Letras do Correo Galego*, 2 /marzo/ 1995.

Cabanillas⁴⁰

Outivo defensor da patria amada,
¡esgrevio campeón da santa Idea!
¿por que deixal-a “terra asoballada”
pol-o amarguento pan da terra allea?

5 ¿Xa non ouses as queixas da coitada
 que remexe aínda tráxica cadea?
 ¿ou caístes vencido n-a cruzada
 escontra do opresor da nobre idea?

10 Non acéptel-o pan, si cho oferceron
 coma unha esmola vil a un pordioseiro,
 ¡non o aceptes xamás, Poeta hirmán!

 ¡Preferibre é caer como caeron
 os hirmáns do Medulio e do Cebreiro
 antes que arrenegar do noso chan!

Primaveira⁴¹

Aquel xorno o vello Cronos, no seu trono maxestoso
pieitaba a pluvial barba cos seus dedos nacarados
entramentras os sentidos tiña postos no universo
e dos mundos incontabres iba os xiros regulando.

5 Con a palma da súa destra dou de súpeto na fronte
 coma un home trascordado
 e collendo de óurea mesa colocada na súa veira
 un estilo con diamantes e rubíes adornado
 grafiou extranos sinos sobre as follas eternals
10 do terráqueo calendario.
 Furgou logo novamente nos trebellos da óurea mesa
 e, collendo un marteliño de marfil i ouro labrado,
 dou tres golpes sobre o disco relocente que, na mesa,
 oscilante penduraba de un artístico artefacto.
15 i os sonidos arxentinos

40. Manuscrito inédito (ou non localizado) e de data ilexible.

41. Manuscrito inédito (ou non localizado) e sen datar.

- ondulantes e morosos pol-o aire se espallaron.
 Cal si foran as pancadas algún máxico esconxuro,
 entre a pompa fulgurante de mañífico boato
 i os arumes e fragancias dos polícromos follaxes
 20 e das frores multiformes que adornaban o seu carro
 ante Cronos presentouse a divina Primaveira,
 suas ordes agardando.
 Hasta a Terra –dixo Cronos– baixa axiña i, alí, tende
 do teu manto a mol quentura sobre o setentrión xiado
 25 pra que os árbores despidos vistan lírica follaxe
 e coas neves derretidas fagan música os regatos.
 Pra que medren as erbiñas, entre xestas e fieitas,
 nas toxearas e ribazos;
 pra que tolos de alegría i entre cantos amorosos
 30 fagan niños os paxaros...
 Cando a Diosa Primaveira no seu máxico carruaxe
 descendeu sobre Galicia recobríndoa co seu manto,
 toda terra estremecida
 tuvo dous sobresaltos.
 35 Abril chega lumioso i as erbiñas xa xermolan
 entre a frouma verdecente de touzales e valados,
 de verxeles que frorecen
 e de frorecentes campos.
 Entramentras pol-as agras nas tarefas da milleira
 40 van e veñen os arados
 e revoia no aire tépedo desde os eixos de abeneiro
 que as leitugas aprisionan a canción agre dos carros
 que acarrexan e reparten, pol-as leiras, os esterco
 das cañeiras arrincados.
 45 As xugadas suorosas con ollar de mansedume
 camiñan a lentos pasos
 con as bocas babeantes e coas linguas medio fora;
 coma fuelles, resollando.
 Cando o sol enroxecido toca a liña do hourizonte
 50 semellando mergullarse feito fogo no Cantábrico,
 i aparecen por ourente fuscas velas con estrelas
 mentras buscan os seus niños as pillaras de paxaros,
 desde a igrexa da parroquia chegan doces badeladas
 que aloumiñan os espritos e deteñen os traballos.
 55 Reinan intres de silencio sobre a terra xermolante,
 pol-as preces dos que rezan soamente perturbando,
 silandeiros arrandéanse carballeiras e pinales

e semella que calaran mares, fontes e regatos...
Mentras voltan pras aldeas a buscar doce repouso
60 os labregos co seu gando
sigue a Diosa Primaveira, entre a terra e sobre a terra,
incansable con traballo,
e nas horas misteriosas de suave lusco e fusco
con a lene man da brisa vai arumes arrincando,
65 pol-as fragas e dobezas,
de piñeiros e carballos,
que nas alas de esa brisa, rebuldona mensaxeira,
vai decote por as vilas i as aldeas espallando.
E nas noites serefísimas de poéticos luares
70 bota pingas de rosío coma xoias de milagro
sobre os pétalos de follas das erbiñas e das frores
dos xardíns máis orgullosos e dos máis homildes prados.
Primaveira sobre a terra,
¡qué dozura a do seu manto!
75 Primaveira alegre e louca do correr da humana vida:
¡quén detuvera teu paso!

Resumo

XERVASIO PAZ LESTÓN (1898-1977), UN POETA GALEGO NA EMIGRACIÓN ARXENTINA

Miro Villar

Neste artigo afondamos no coñecemento da biografía e da obra poética de Xervasio Paz Lestón (1898-1977), un dos nosos escritores da emigración e do exilio. Achegamos notas para unha biografía do poeta en terras arxentinas, con especial relevo da súa actividade social e cultural, da súa relación con Castelao e con outros líderes galeguistas e da súa actitude con respecto ó idioma galego. Establecémolo seu corpus poético, deténdonos na profusión de pseudónimos e analizando polo miúdo o contido e os temas fundamentais dos poemas, entre os que está a saudade da Terra.

Palabras clave: poesía, emigración, Arxentina, exilio, Castelao, saudade.

Resumen

XERVASIO PAZ LESTÓN (1898-1977), UN POETA GALLEGO EN LA EMIGRACIÓN ARGENTINA

Miro Villar

En este artículo profundizamos en el conocimiento de la biografía y la obra poética de Xervasio Paz Lestón (1898-1977), uno de nuestros escritores de la emigración y del exilio. Aportamos notas para una biografía del poeta en tierras argentinas, destacando especialmente su actividad social y cultural, su relación con Castelao y con otros líderes galleguistas y su actitud con respecto al idioma gallego. Establecemos su corpus poético, deteniéndonos en la profusión de seudónimos y analizando detalladamente el contenido y los temas fundamentales de los poemas, entre ellos la saudade de la Tierra.

Palabras clave: poesía, emigración, Argentina, exilio, Castelao, saudade.

Resumé

XERVASIO PAZ LESTÓN (1898-1977), UN POÈTE GALICIEN DANS L'ÉMIGRATION EN ARGENTINE

Miro Villar

Dans cet article, nous approfondissons les connaissances sur la biographie et l'oeuvre poétique de Xersavio Paz Lestón (1898-1977), l'un de nos écrivains de l'émigration et de l'exil. Nous apportons des remarques pour une biographie du poète dans les terres argentines, en soulignant particulièrement son activité sociale et culturelle, sa relation avec Castelao et avec d'autres leaders *galleguistas* et son attitude par rapport à la langue galicienne. Nous avons élaboré son corpus poétique, en nous arrêtant sur la profusion des pseudonymes et en analysant de façon précise le contenu et les thèmes fondamentaux des poèmes, parmi lesquels la nostalgie de la Terre.

Mots clés: poésie, émigration, Argentine, exil, Castelao, nostalgie.

Abstract

XERVASIO PAZ LESTÓN (1898-1977), A GALICIAN POET IN ARGENTINIAN EMIGRATION

Miro Villar

We determine his poetic corpus while dwelling on the profusion of pseudonyms and on analysing in detail the content and fundamental themes of his poems, among which homesickness appears.

In this article the biography and poetic work of Xervasio Paz Lestón (1898 –1977) one of our writers on emigration and exile, are examined in depth. We have provided notes for a biography of the poet in Argentinian soil, which highlight his social and cultural activity, his relationship with Castelao and other *galeguistas* leaders as well as his attitude to the Galician language.

Key words: poetry, emigration, Argentina, exile, Castelao, homesickness.

Currículum

Miro Villar (Cee, 1965), licenciado en Filoxía Galego-Portuguesa, poeta e narrador, colabora como crítico literario en diversos xornais e revistas. Membro do Comité de Redacción da revista *Dorna* e do Consello Editorial da colección de poesía “Ablativo Absoluto” de Edicións Xerais de Galicia. Como poeta publicou *Ausencias pretéritas* (Espiral Maior, 1992), *42 décimas de febre* (Toxosoutos, 1994), *Abecedario da desolación* (Espiral Maior, 1997) e *Equinoccio de primavera* (Esquíu, 1998). Tamén é autor da *Antoloxía Poética de Gonzalo López Abente* (Espiral Maior, 1995), da memoria de licenciatura *A poesía galega de Xervasio Paz Lestón. Edición e Estudio* (inédita, 1997) e coautor do volume de Publicacións periódicas do *Diccionario da Literatura Galega* (Galaxia, 1997). Na actualidade realiza a súa tese de doutoramento sobre a obra poética de Antón Zapata García.